

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019669	Armando Cotarelo Valledor	Vilagarcía de Arousa	2022/2023

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IFC	Informática e comunicacións	CSIFC03	Desenvolvemento de aplicacións web	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de adultos

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0617	Formación e orientación laboral	2022/2023	4	107	128
MP0617_12	Prevenición de riscos laborais	2022/2023	4	45	54
MP0617_22	Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego	2022/2023	4	62	74

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ALICIA RODRÍGUEZ DÍAZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O Centro atópase situado na parroquia de Sobradelo do concello de Vilagarcía de Arousa, nunha zona limítrofe entre Sobradelo e Vilaxoán.

O nivel de vida da poboación é de tipo medio sendo escasos os alumnos e alumnas que esperan acceder a estudos universitarios.

Das declaracións do noso alumnado nas súas solicitudes de matrícula dedúcese que a Renda Media oscila entre os 600 e 1200 .

As principais actividades económicas do contorno son:

Pesca e marisqueo.

Agricultura.

Hostalería.

Conserva.

Acuicultura (parques flotantes de mexillóns e ostras, cetarias e depuradoras).

Traballo no 2º sector.

Polo que se refire ao nivel cultural do contorno familiar no que se desenvolve o noso alumnado, constatamos que é baixo: os pais e nais dos nosos rapaces e rapazas non accederon a estudos medios e nalgúns casos non completaron os estudos primarios.

Algúns problemas que non podemos obviar como Centro de ensino, son os seguintes:

A elevada taxa de desemprego existente na comarca, así como o escaso tecido industrial.

A influencia que exerce sobre o noso alumnado o chamado "diñeiro fácil".

A valoración negativa que existe sobre a posibilidade de acceder ao mundo laboral en condicións minimamente dignas (ou que, xunto coas poucas expectativas de continuar estudos superiores, é fonte dunha gran desmotivación).

O escaso hábito de estudo e mesmo de lectura do noso alumnado.

Respecto da lingua, cabe dicir que o alumnado, maioritariamente, exprésase en castelán, aínda que no contorno familiar a lingua máis empregada é o galego.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	A prevención de riscos laborais	Conceptos básicos de saúde laboral. Dereitos e obrigas dos traballadores e empresarios en prevención de riscos.	15	10
2	A avaliación de riscos profesionais	Factores de risco derivados de condicións de seguridade e ambientais. Riscos ergonómicos e psicosociais	15	5
3	O plan de prevención	Principios xestores da prevención de riscos. Órganos de representación e participación. O plan de prevención.	10	5
4	Medidas de prevención e protección	Medidas de prevención e protección individuais e colectivas. Protocolo de actuación ante unha emerxencia. Primeiros auxilios	14	5
5	O traballo en equipo	Vantaxes e inconvenientes do traballo en equipo. Os conflitos e modo de resolución dos mesmos	8	3
6	A relación laboral e o contrato de traballo	Características da relación laboral. Dereitos e deberes laborais. Principios de aplicación do Dereito do Traballo. Tipos e características dos contratos de traballo.	14	10
7	A representación dos traballadores e a negociación colectiva	A representación unitaria e sindical dos traballadores. A negociación colectiva.	8	7
8	O tempo de traballo e a súa retribución	A xornada laboral e os seus límites. A redución da xornada. A estrutura do salario. A nómina. O SMI. A protección do salario.	12	20
9	Modificación, suspensión e extinción do contrato laboral	A mobilidade do traballador, causas e efectos da suspensión e finalización da relación laboral.	12	10
10	A Seguridade Social	Estrutura da Seguridade Social e acción protectora	8	10
11	A procura de emprego	O proceso de selección de persoal. A busca de emprego: fontes e recursos	12	15

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	A prevención de riscos laborais	15

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.	NO
RA2 - Avalia as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector informático e das comunicacións.	NO
RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Relacionáronse as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora.
CA1.2 Distinguíronse os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadoras.
CA1.3 Apreciouse a importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais.
CA1.4 Comprendéronse as actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente.
CA1.7 Asumiuse a necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais.
CA2.3 Clasificáronse e describíronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico superior en desenvolvemento de aplicacións web.
CA3.1 Valorouse a importancia dos hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa.

4.1.e) Contidos

Contidos
Relación entre traballo e saúde. Influencia das condicións de traballo sobre a saúde.
Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral.
Análise dos dereitos e das obrigas das persoas traballadoras e empresarias en prevención de riscos laborais.
Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar as situacións de risco no seu contorno laboral.
Determinación dos danos á saúde da persoa traballadora que se poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	A avaliación de riscos profesionais	15

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.	NO
RA2 - Avalia as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector informático e das comunicacións.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.5 Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores.
CA1.6 Analizáronse os dereitos á vixilancia e protección da saúde no sector informático e das comunicacións.
CA2.1 Determináronse as condicións de traballo con significación para a prevención nos ámbitos de traballo relacionados co perfil profesional de técnico superior en desenvolvemento de aplicacións web.
CA2.2 Clasifícaronse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.
CA2.4 Identifícaronse as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo das persoas coa titulación de técnico superior en desenvolvemento de aplicacións web.
CA2.5 Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo real ou simulado relacionado co sector de actividade.

4.2.e) Contidos

Contidos
Protección de persoas traballadoras especialmente sensibles a determinados riscos.
Análise de factores de risco ligados a condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais.
Riscos específicos no sector informático e das comunicacións en función das probables consecuencias, do tempo de exposición e dos factores de risco implicados.
Avaliación dos riscos atopados en situacións potenciais de traballo no sector informático e das comunicacións.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	O plan de prevención	10

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.2 Clasifícanse os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais.
CA3.3 Determináronse os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos.
CA3.4 Identifícanse os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais.
CA3.5 Valórouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia.
CA3.6 Estableceuse o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, e determináronse as responsabilidades e as funcións de cadaquén.
CA3.7 Definiuse o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico superior en desenvolvemento de aplicacións web.
CA3.8 Proxectouse un plan de emerxencia e evacuación para unha pequena ou mediana empresa do sector de actividade do título.

4.3.e) Contidos

Contidos
Xestión da prevención na empresa: funcións e responsabilidades.
Órganos de representación e participación das persoas traballadoras en prevención de riscos laborais.
Organismos estatais e autonómicos relacionados coa prevención de riscos.
Planificación da prevención na empresa.
Plans de emerxencia e de evacuación en contornos de traballo.
Elaboración dun plan de emerxencia nunha empresa do sector.
Participación na planificación e na posta en práctica dos plans de prevención.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Medidas de prevención e protección	14

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico superior en desenvolvemento de aplicacións web.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Definíronse as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse.
CA4.2 Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos.
CA4.3 Seleccionáronse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas.
CA4.4 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia.
CA4.5 Identificáronse as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emerxencia, onde existan vítimas de diversa gravidade.
CA4.6 Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias.

4.4.e) Contidos

Contidos
Medidas de prevención e protección individual e colectiva.
Protocolo de actuación ante unha situación de emerxencia.
Aplicación das técnicas de primeiros auxilios.
Actuación responsable en situacións de emerxencias e primeiros auxilios.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	O traballo en equipo	8

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Participa responsablemente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse os equipos de traballo en situacións de traballo relacionadas co perfil de técnico superior en desenvolvemento de aplicacións web e valoráronse as súas vantaxes sobre o traballo individual.
CA1.2 Determináronse as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces.
CA1.3 Adoptáronse responsablemente os papeis asignados para a eficiencia e a eficacia do equipo de traballo.
CA1.4 Empregáronse axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas.
CA1.5 Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo.
CA1.6 Aceptáronse de forma responsable as decisións adoptadas no seo do equipo de traballo.
CA1.7 Analizáronse os obxectivos alcanzados polo equipo de traballo en relación cos obxectivos establecidos, e coa participación responsable e activa dos seus membros.

4.5.e) Contidos

Contidos
Diferenciación entre grupo e equipo de traballo.
Valoración das vantaxes e os inconvenientes do traballo de equipo para a eficacia da organización.
Equipos no sector informático e das comunicacións segundo as funcións que desempeñen.
Dinámicas de grupo.
Equipos de traballo eficaces e eficientes.
Participación no equipo de traballo: desempeño de papeis, comunicación e responsabilidade.
Conflito: características, tipos, causas e etapas.
Técnicas para a resolución ou a superación do conflito.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	A relación laboral e o contrato de traballo	14

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo.
CA2.2 Distingúense os principais organismos que interveñen nas relacións laborais.
CA2.3 Identifícanse os elementos esenciais dun contrato de traballo.
CA2.4 Analízanse as principais modalidades de contratación e identifícanse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos.
CA2.5 Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral.
CA2.7 Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.

4.6.e) Contidos

Contidos
Dereito do traballo.
Organismos públicos (administrativos e xudiciais) que interveñen nas relacións laborais.
Análise da relación laboral individual.
Dereitos e deberes derivados da relación laboral.
Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación de técnico superior en desenvolvemento de aplicacións web.
Modalidades de contrato de traballo e medidas de fomento da contratación.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	A representación dos traballadores e a negociación colectiva	8

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.6 Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico superior en desenvolvemento de aplicacións web.
CA2.10 Identificáronse os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa.
CA2.11 Analizáronse os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución.
CA2.12 Identificáronse as características definitorias dos novos contornos de organización do traballo.

4.7.e) Contidos

Contidos
0Representación das persoas traballadoras na empresa. Conflitos colectivos. Novos contornos de organización do traballo. Sindicatos de traballadores e asociacións empresariais.

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	O tempo de traballo e a súa retribución	12

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.7 Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
CA2.8 Analizouse o recibo de salarios e identificáronse os principais elementos que o integran.

4.8.e) Contidos

Contidos
Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución, etc.

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	Modificación, suspensión e extinción do contrato laboral	12

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.9 Identifícanse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral.

4.9.e) Contidos

Contidos
Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.

4.10.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
10	A Seguridade Social	8

4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Determina a acción protectora do sistema da seguridade social ante as contingencias cubertas, e identifica as clases de prestacións.	SI

4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Valorouse o papel da seguridade social como pilar esencial do estado social e para a mellora da calidade de vida da cidadanía.
CA3.2 Delimitouse o funcionamento e a estrutura do sistema de seguridade social.
CA3.3 Identificáronse, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa.
CA3.4 Determináronse as principais prestacións contributivas de seguridade social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos.
CA3.5 Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico.

4.10.e) Contidos

Contidos
A seguridade social como pilar do estado social.
Estrutura do sistema de seguridade social.
Determinación das principais obrigas das persoas empresarias e das traballadoras en materia de seguridade social.
Protección por desemprego.
Prestacións contributivas da seguridade social.

4.11.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
11	A procura de emprego	12

4.11.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida.	SI

4.11.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Valoráronse as propias aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións profesionais.
CA4.2 Tomouse conciencia da importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás esixencias do proceso produtivo.
CA4.3 Valoráronse as oportunidades de formación e emprego noutros estados da Unión Europea.
CA4.4 Valorouse o principio de non-discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo.
CA4.5 Deseñáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico superior en desenvolvemento de aplicacións web.
CA4.6 Determináronse as competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse a formación precisa para as mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral.
CA4.7 Identificáronse as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico superior en desenvolvemento de aplicacións web.
CA4.8 Empregáronse adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego.
CA4.9 Prevíronse as alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título.

4.11.e) Contidos

Contidos
Coñecemento dos propios intereses e das propias capacidades formativo-profesionais.
Importancia da formación permanente para a traxectoria laboral e profesional das persoas coa titulación de técnico superior en desenvolvemento de aplicacións web.
Oportunidades de aprendizaxe e emprego en Europa.
Itinerarios formativos relacionados coa titulación de técnico superior en desenvolvemento de aplicacións web.
Definición e análise do sector profesional do título de técnico superior en desenvolvemento de aplicacións web.
Proceso de toma de decisións.
Proceso de procura de emprego no sector de actividade.
Técnicas e instrumentos de procura de emprego.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Mínimos esixibles:

Dereito do traballo. Concepto. Antecedentes. Fontes do dereito.

Tempo de traballo. Xornada laboral. Descansos e vacacións. Horas extras.

Contrato de traballo. Concepto. Forma. Elementos. Período de proba. Modalidades de contratación.

Salario. Concepto. Salario mínimo interprofesional. Garantías. Nóminas.

Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo. Concepto. Causas. Consecuencias.

Representación dos traballadores e negociación colectiva. Delegados de persoal. Comités de empresa. Sindicatos. Convenios colectivos.

Conflictos colectivos.

A Seguridade Social. Antecedentes. Sistema español. Rexímenes incluídos. Afiliación, altas e baixas. Cotización e financiamento. Acción protectora.

mercado laboral. Concepto e estrutura. Desemprego. Políticas de emprego. Organizacións responsable.

Autoorientación e proxecto profesional. Potencial profesional. Proxecto profesional. Itinerarios formativos e profesionais.

Busca de emprego. Fontes de información. Oposicións públicas. Selección de ofertas. Currículo. Carta de presentación. Probas e entrevistas.

Autoemprego.

Traballo e saúde, riscos e danos profesionais. Concepto. Normativa aplicable. Organismos responsables. Dereitos e obrigas. Factores de risco.

Accidentes laborais. Enfermidades profesionais.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Probas grupais escritas / Informes / Traballos: 50%

Probas individuais (orais ou escritas): 50%

As faltas de asistencia que superen o 10% do total das sesións do módulo provocarán a perda do dereito a avaliación continua, tendo dereito o alumno a presentarse a unha proba extraordinaria que se avaliará de acordo cos criterios que se indican como de recuperación.

Realizarase, con carácter xeral, 2 probas obxectivas por trimestre como mínimo (aínda que o número de probas pode variar en función do desenvolvemento das clases, sempre un mínimo dunha proba e un máximo de 3 por trimestre). Pode ser unha proba escrita e/ou unha presentación. Para superar a proba, será necesario acadar unha media aritmética de 5 puntos.

A proba obxectiva extraordinaria terá a mesma estrutura que as probas obxectivas trimestrais.

O alumno únicamente terá que examinarse dos contidos non superados ao longo do curso nunha proba de recuperación ao remate do proceso ordinario de ensinanza aprendizaxe.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Procedemento para definir as actividades de recuperación:

Deberán presentarse a esta proba, de carácter global, aqueles alumnos e alumnas que non acaden unha cualificación igual ou superior a 5 nalgún

dos bloques temáticos así como aqueles que non cumpran o requisito de asistencia do 90% das actividades docentes.

Con anterioridade á realización da proba realizaranse actividades de reforzo dos contidos de cada bloque coa utilización da metodoloxía de casos e a dinámica de grupos.

Está proba terá como referencia os contidos mínimos de cada un dos bloques temáticos e se avaliará de acordo cos criterios establecidos para a avaliación das probas obxectivas.

O alumno unicamente terá que examinarse dos contidos non superados ao longo do curso.

Os alumnos/as que nun trimestre non superen a materia terán dereito a recuperala a través da elaboración dun traballo individual concreto para cada caso e/ou a realización dunha proba escrita, dependendo das unidades didácticas impartidas e do tempo dispoñible. A devandita recuperación realizarase no seguinte trimestre ou, de ser o caso, no mes de xuño. Os alumnos que non superen con medidas especiais de recuperación, terán que cursar o módulo como pendente realizando os traballos que considere pertinente o profesorado máis a realización do exame da convocatoria de xuño.

Reforzos para lograr a recuperación:

Os alumnos que por dificultades no seu proceso de aprendizaxe non logren seguir o ritmo normal da clase contarán con medidas especiais de reforzo para poder adquirir finalmente os RA propostos na programación. Estas medidas poden ser a realización de exercicios diferentes, a ampliación do tempo de entrega dos traballos ou a modificación do formato dos traballos, entre outras medidas que considerará a docente tras estudar o caso e, de ser preciso, consultar co equipo de orientación do instituto.

Materia pendente:

Quen promocióne ao seguinte curso co módulo pendente deberá realizar unha serie de traballos con data de entrega, así como realizar as probas necesarias para a superación do módulo, para as que será convocado con antelación e que poderán coincidir coas probas finais trimestrais e/ou coas probas de xuño. Os contidos esixibles serán os mesmos que aparecen na programación e os criterios de superación tamén serán os mesmos. O deseño das probas realizarase a partir da análise do consello orientador.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

A proba obxectiva de avaliación extraordinaria terá unha parte teórica, con entre 5 e 15 preguntas sobre os contidos mínimos, e unha parte práctica, con entre 5 e 15 exercicios de carácter práctico. Será coincidente no tempo coa proba de recuperación das partes non superadas

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O Departamento de FOL realizará cunha frecuencia mínima mensual o seguimento das programacións de cada módulo, no cal se reflectirá o grao de cumprimento con respecto á programación e a xustificación razoada no caso de desviacións.

A programación será revisada ao inicio de cada curso académico. O referido seguimento e revisión constará nas correspondentes actas do departamento ou, de ser o caso, do equipo docente do ciclo.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao inicio de cada curso escolar, poderán entregarse uns cuestionarios entre o alumnado matriculado, sobre os coñecementos previos dos diversos contidos para diagnosticar o grao de dominio dos mesmos. Por outra banda, e de xeito complementario, o profesor, de modo verbal, plantexará e preguntará aos alumnos-as sobre determinados aspectos do currículo para determinar o grao de coñecemento dos mesmos.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Sempre que sexa necesario, e para aqueles alumnos que necesiten unha especial adaptación dos contidos, procedementos, metodoloxía e avaliación e, coa asistencia do Departamento de Orientación, poderanse adoptar medidas para atender a diversidade do alumnado. Estarase ás circunstancias especiais de cada caso concreto para deseñar as actuacións a seguir.
En todo caso garantirase que os contidos mínimos sexan dominados por estes alumnos.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Educación para a paz.-

Significa construír e potenciar unhas relacións pacíficas entre os alumnos, cultivando as condutas asertivas, a aceptación das diferenzas e a forma de resolución violenta dos conflitos que poidan xurdir entre eles.

Educación para a igualdade de oportunidades entre os sexos.-

Desde o desenvolvemento da autoestima e a concepción do corpo como expresión da personalidade, pretende consolidar hábitos non discriminatorios, corrixindo prexuízos sexistas a partir da análise crítica das súas manifestacións na linguaxe, na publicidade, etc... e promovendo a adquisición de habilidades e recursos para realizar calquera tipo de tarefas, domésticas ou non.

Educación ambiental.-

Facilítase a comprensión e valoración dos procesos que se dan na Natureza e nas relacións do home con ela, animando un cambio de valores, actitudes e condutas que promovan o respecto, coidado e promoción do medio ambiente.

Educación sexual.- Pretende que os alumnos alcancen unha información sexual suficiente e científica, e consoliden, como actitudes básicas, a aceptación do propio corpo e a naturalidade no tratamento dos temas relacionados coa sexualidade, os hábitos de hixiene e o respecto ás diferentes manifestacións da mesma.

Educación para a saúde.-

Fomenta calquera actividade que estimule aos alumnos a crear hábitos e costumes sans.

Educación do consumidor.- Consiste en promover todo tipo de accións polas que os alumnos filtren a información recibida, de xeito consciente, crítica, responsable e solidaria, así como as decisións consecuentes para a compra de bens e servizos, tendo en conta os valores persoais, a utilización dos recursos e as consideracións ecolóxicas adecuadas.

Outros temas.- A situación social actual leva a incluír outros novos, referidos á multiculturalidade, a tolerancia, o respecto dos Dereitos Humanos, etc... que se englobarían nun xeral sobre a Educación para a convivencia e a tolerancia.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Actividades a desenvolver dentro da aula:

- Clarificación de valores. A finalidade destas actividades é favorecer que o alumno reflexione e tome conciencia e responsabilidade do que valora, pensa ou fai. (propoñer un temas a desenvolver)
- Discusión de dilemas morais. Consistiría en propor aos alumnos situacións antagónicas que lles expoñan conflito cognitivo, preguntándolles cal sería a mellor solución para o dilema.
- Análise crítica. Supón solicitar información sobre unha situación que supoña conflito de valores, axuizala e tomar posición ante ela
- Dramatizacións. Axudarán a porse no posto do outro, o cal implica someterse ás normas que impón a propia coherencia do papel asumido e vivenciar os seus prexuízos, valores, etc
- Regulación de conflitos. Manexar os conflitos que xorden na vida cotiá de forma non violenta senón racional e reflexivamente; negociando, acordando, etc.

Actividades a desenvolver fora da aula:

- Actos que se organicen con motivo de diversas conmemoracións relacionadas coa paz (Día dos Dereitos Humanos, do Traballador, da Muller, etc...)
- Actos comunitarios convocados en colaboración con outros centros (deportes, congresos, xornadas, etc...)
- Realizar actividades no medio natural que teñan como finalidade aprender a desenvolverse nel, comprometéndose ao seu coidado e conservación.

Actividades complementarias e extraescolares:

- Conferencia sobre primeiros auxilios (médico urxencias Hospital do Salnés / Protección Civil Vilagarcía)
- Conferencia sobre a entrevista de traballo (responsable RRHH)
- Conferencia sobre o funcionamento do Servizo Público de Emprego de Galicia (técnico SGC)